

ACTA DA 1ª SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA O DÍA 23 DE MARZO DE 2018 DO PROCEDEMENTO ABERTO, TRAMITACIÓN ORDINARIA DO “SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE MARQUESIÑAS NO CONCELLO DA ESTRADA” CON CARGO AO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2017-Liña 1.

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial do Concello da Estrada, sendo as **10:05 horas**, (estando convocada para as 9.30 horas) do día 23 de marzo de 2018, reúnense os integrantes da Mesa de Contratación que se constitúe para proceder á apertura de plicas correspondentes ao contrato do SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE MARQUESIÑAS DO CONCELLO DA ESTRADA CON CARGO AO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2017-Liña 1, que son:

PRESIDENTE: O Sr. Alcalde D. José C. López Campos.

VOGAIS:

- Dona María Jesusa Fernández Bascuas, Secretaria acctal., Municipal
- Dona Rosa María Méndez Aragunde, interventora acctal., Municipal.
- D. Daniel Órrea Corral, arquitecto técnico municipal.
- Dna. Belén Louzao Vieites representante do PS de G-PSOE.

Non asisten:

- D. Xosé Magariños Maceiras representante do BNG
- Dona Mar Blanco Casais, representante de MOVETE.

-SECRETARIA DA MESA: Dna. María Josefa Martínez Barros, Administrativo adscrita ao Departamento de Secretaría.

Polo Presidente, indícase aos compoñentes da Mesa que, dentro de prazo, presentaron ofertas as seguintes empresas:

- BAYGAR S.L.
- MOBILIARIO URBANO MARLO S.L.
- PROSEÑAL S.L.U.
- GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL S.L.
- ARINES OBRAS Y PROYECTOS S.L.
- ANLLAR MANTENIMIENTOS Y CONSTRUCCIONES S.L.U.
- DENUEVO PUNTO CREATIVO S.L.
- BRICANTEL ESPAÑA S.L.

Seguidamente procédese á apertura do sobre A (documentación administrativa) de todas as empresas, obténdose o seguinte resultado:

-BAYGAR S.L. presenta correctamente a declaración responsable que figura como Anexo I do PCAP, así como a declaración de empresas vinculadas, segundo se establece na cláusula 8, SOBRE A, do Prego Administrativo.

-MOBILIARIO URBANO MARLO S.L.-presenta correctamente a declaración responsable que figura como Anexo I do PCAP, así como a declaración de empresas vinculadas, segundo se establece na cláusula 8, SOBRE A, do Prego Administrativo.

-PROSEÑAL S.L.U.-presenta correctamente a declaración responsable que figura como Anexo I do PCAP, así como a declaración de empresas vinculadas, segundo se establece na cláusula 8, SOBRE A, do Prego Administrativo.

-GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL S.L.-presenta correctamente a declaración responsable que figura como Anexo I do PCAP, pero **NON PRESENTA** a declaración de empresas vinculadas, segundo se establece na cláusula 8, SOBRE A, do Prego Administrativo.

-ARINES OBRAS Y PROYECTOS S.L.-presenta correctamente a declaración responsable que figura como Anexo I do PCAP, así como a declaración de empresas vinculadas, segundo se establece na cláusula 8, SOBRE A, do Prego Administrativo.

-ANLLAR MANTENIMIENTOS Y CONSTRUCCIONES S.L.U.-presenta correctamente a declaración responsable que figura como Anexo I do PCAP, así como a declaración de empresas vinculadas, segundo se establece na cláusula 8, SOBRE A, do Prego Administrativo.

-DENUEVO PUNTO CREATIVO S.L. presenta un soporte dixital CD no que se visualiza correctamente a declaración responsable, en aplicación do disposto no art. 146 do TRLCSP, na redacción dada polo artigo 44.4 da Lei 14/2013, de 27 de setembro de 2013, pero **NON SE VISUALIZA** a declaración xurada respecto daquelas empresas coas que ten algún tipo de vinculación, tal e como se establecía na Cláusula 8, sobre A (documentación administrativa) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

-BRICANTEL ESPAÑA S.L.-presenta correctamente a declaración responsable que figura como Anexo I do PCAP, así como a declaración de empresas vinculadas, segundo se establece na cláusula 8, SOBRE A, do Prego Administrativo.

A Mesa considerando que se trata de unha omisión enmendable, acorda por unanimidade requirir ás empresas **GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL S.L., e DENUEVO PUNTO CREATIVO S.L.,** para que en caso de seguir interesadas neste procedemento de contratación, aporten a referida documentación, concedéndolles un prazo de 3 días hábiles a contar dende a recepción deste requirimento. De non facelo así, procederase á súa exclusión definitiva do procedemento de contratación.

Unha vez transcorrido o prazo concedido, volverase a reunir a Mesa de Contratación, o cal será anunciado no Perfil do Contratante o día e a hora, na que se dará conta da situación do expediente en canto á subsanación de documentación por parte dalgúns licitadores, e seguidamente procederase á apertura do sobre B "Oferta".

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado este acto sendo as dez horas e trinta minutos do día do seu comezo.

O PRESIDENTE DA MESA,

A SECRETARIA DA MESA,

(documento asinado electrónicamente á marxe